

As novidades incorporadas ao  
tradicional proceso de impugnación de  
convenios colectivos pola Lei reguladora  
da xurisdición social

*The innovations incorporated into the traditional  
process of contestation of collective agreements by the  
Law Regulating Social Jurisdiction*



RICARDO PEDRO RON LATAS

Profesor doutor do Departamento de Dereito Público Especial, Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, da Universidade da Coruña e maxistrado suplente da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

**Resumo**

A modalidade procesual de impugnación de convenios colectivos, que xa regulaba a Lei de procedemento laboral, foi modificada pola Lei reguladora da xurisdición social de maneira especialmente rechamante, pois esta procedeu a mudar determinados aspectos seus que, malia non resultaren pacíficos no ámbito doutrinal, foran resoltos con maior ou menor acerto pola xurisprudencia do Tribunal Supremo.

**Palabras chave:** Lei de procedemento laboral, Lei reguladora da xurisdición social, modalidade procesual de impugnación de convenios colectivos, Tribunal Supremo.

**Abstract**

*The legal process contesting collective agreements, regulated by the Labour Procedure Act, has been remarkably amended by the Social Jurisdiction Regulatory Act as it has proceeded to amend certain aspects. While the modifications have not been peaceful in the doctrinal field, they have been resolved with greater or lesser success by the jurisprudence of the Supreme Court.*

**Keywords:** *Labour Procedure Act, Social Jurisdiction Regulatory Act, Legal process of contestation of collective agreements, Supreme Court.*

## **I. Os seus retoques estéticos**

1. A Lei 36/2011, do 10 de outubro<sup>1</sup>, reguladora da xurisdición social (en diante LXS), que veu substituír no ámbito do proceso social a Lei de procedemento laboral de 1995 (en diante LPL), conta igual que esta entre as súas modalidades procesuais –especiais fronte ao proceso ordinario– coa de impugnación de convenios colectivos, a que dedica tamén catro artigos: 163 a 166.

De os compararmos cos preceptos que lle dedicaba a LPL poden salientarse, en primeiro lugar, aqueles en que o labor do lexislador se limitou a un simple retoque estético, mantendo no esencial a redacción da norma precedente, coa finalidade de adecuar o contido da LXS ás reformas operadas na lexislación substantiva laboral. Pois ben, desas «operacións de estética» –e desde logo a LXS non carece delas– merecen ser destacadas aquelas en que ben por erro de diagnóstico, ben por falta de pericia do galeno, o resultado non foi o que se agardaba.

## **II. O proceso adecuado para impugnar determinados laudos arbitrais**

2. Como se sabe, a modalidade procesual de impugnación de convenios colectivos tiña e ten por finalidade permitir a denuncia de todas aquelas normas pactadas que aparentemente conculcasen a legalidade vixente ou lesionasen de forma grave o interese de terceiros, mais só dunha clase delas: as reguladas «no título III do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores»<sup>2</sup>, isto é, os convenios colectivos que a doutrina e a xurisprudencia veñen comunmente cualificar como «estatutarios». Para o redactor da LXS resultaba necesario, con todo, adecuar a literalidade da norma á doutrina do Tribunal Supremo sobre o particular.

3. Chegado o momento de decidir se «a vía do proceso de conflito colectivo de traballo é a adecuada para substanciar unha controversia relativa á validez dun laudo arbitral»<sup>3</sup>, e atendendo como premisa necesaria para iso ao disposto no art. 91 do Estatuto

<sup>1</sup> BOE do 11 de outubro de 2011.

<sup>2</sup> Art. 161.1 da LPL.

<sup>3</sup> STS do 10 de decembro de 2003, recurso 3/2003.

dos traballadores (en diante ET)<sup>4</sup>, o Tribunal Supremo decidiu optar pola vía procesual que aquí nos ocupa e declarou que «non parece dubidoso... que a canle xurisdiccional que corresponde en rigor... non é a do proceso de conflito colectivo, senón a de impugnación dos convenios ou acordos colectivos»<sup>5</sup>.

Se o lexislador, afirmaba o Tribunal Supremo, «considera as solucións alcanzadas nestas vías extraxudiciais como equivalente funcional do convenio ou acordo colectivo»<sup>6</sup>, nos supostos en que se impugna un laudo arbitral «expresamente asimilado» a un convenio colectivo, a canle procesual adecuada para iso é a modalidade procesual de «impugnación de convenios colectivos». Ademais, concluíu, «o proceso de conflito colectivo de traballo é o axeitado para declarar “cal de varias opcións interpretativas” sobre “o sentido dunha disposición ou cláusula” é a máis axustada a dereito, mais non para a “invalidación ou eliminación dunha regra ou precepto”»<sup>7</sup>.

4. O primeiro que chama a atención da reforma é que, en lugar de limitarse a incorporar como obxecto do proceso os laudos arbitrais –así, *simpliciter*–, incluíu a apostila «substitutivos destes». O lexislador, en efecto, non considerou oportuno deterse alí onde o deixou o Tribunal Supremo, senón que pretendeu ir un pouco para alén e limitou a cognición do procedemento aos laudos arbitrais substitutivos dos convenios colectivos estatutarios.

Isto, ao meu modo de ver, provoca un problema de identificación: cales son eses laudos arbitrais substitutivos de que fala a norma? Para o Tribunal Supremo non cabe dúbida de que os laudos que se mencionan no título III do ET máis que substitutivos son «equivalentes» ou «asimilados» aos convenios colectivos. Entendo, a pesar de todo, que non habería ningún problema en admitir na literalidade da norma tanto un tipo de laudos como o outro, de tal maneira que ademais daqueles a que se refire o título III do ET poderían impugnarse a través da canle procesual que marcan os arts. 163 e ss. da LXS, por exemplo, «os acordos de adhesión..., os acordos que poñen fin a unha folga [ou] os laudos arbitrais de fin de folga»<sup>8</sup>.

<sup>4</sup> Relativo, como se sabe, á aplicación e interpretación dos convenios.

<sup>5</sup> STS do 10 de decembro de 2003, recurso 3/2003.

<sup>6</sup> STS do 10 de decembro de 2003, recurso 3/2003.

<sup>7</sup> STS do 10 de decembro de 2003, recurso 3/2003.

<sup>8</sup> ALARCÓN CARACUEL, M. R. (2010) «Comentario al art. 163» en VV. AA. *Comentarios a la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social*. Valladolid, Lex Nova, p. 634.

### **III. Só se pode impugnar o convenio durante a súa vixencia**

5. Outro deses retoques estéticos que chama a atención aparece no art. 163.3 da LXS. E chama a atención porque se trata de novo dun intento de adecuar a norma aos ditados da xurisprudencia. Nesta ocasión, a «doutrina nai» é a contida, entre outras, nunha sentenza do Tribunal Supremo do 15 de setembro de 2010<sup>9</sup>, co seguinte postulado: «a impugnación directa do Convenio que se fundamenta na ilegalidade non está suxeita a prazo... e pode facerse ao longo de toda a súa vixencia...; tras a cal... cumprirá apreciar falta de acción».

En consecuencia, se no momento de impugnar o convenio este xa perdeu vixencia, loxicamente carecerá de obxecto pronunciarse sobre a legalidade duns preceptos que xa non se integran no ordenamento xurídico, por iso é polo que agora o art. 163.3 da LXS afirma que «se a autoridade laboral non contesta a solicitude a que se refire o número anterior no prazo de quince días, a desestima ou o convenio colectivo xa fose rexistrado, a impugnación destes poderá ser instada directamente polos lexitimados para isto polos trámites do proceso de conflito colectivo, mentres subsista a vixencia da correspondente norma convencional».

### **IV. A posibilidade de impugnar os actos derivados da aplicación do convenio**

6. Máis que de retoque estético, quizais debémosos falar aquí de parche —e por iso mesmo antiestético— ao referirnos ao novo apartado 4 do art. 163 da LXS, segundo o cal «a falta de impugnación directa dun convenio colectivo dos mencionados no número 1 deste artigo non impide a impugnación dos actos que se produzan na súa aplicación, a través dos conflitos colectivos ou individuais posteriores que poidan promover os lexitimados para isto, fundada en que as disposicións contidas neles non son conformes a dereito. O xuíz ou tribunal que nos ditos procedementos aprecie a ilegalidade dalgunha das referidas disposicións porao en coñecemento do Ministerio Fiscal para que, se é o caso, poida propor a súa ilegalidade a través da modalidade procesual de impugnación de convenios colectivos».

Tal e como resulta ser unha constante a todo o longo do articulado da lei, mediante circunloquios, o que se fai é, en primeiro lugar, outorgar carta de natureza procesual á doutrina do Tribunal Constitucional, que entendeu no seu momento que «o interese

<sup>9</sup> Recurso 51/2009.

particular dos incluídos no ámbito do convenio pode verse protexido por outras vías procesuais que non impliquen a impugnación directa da norma pactada, como ben pode ser a que teña por obxecto non as normas pactadas, senón actos concretos de aplicación destas»<sup>10</sup>.

En segundo lugar, a LXS habilita unha nova vía de impugnación de convenios colectivos que ten ao Ministerio Fiscal como canle procedemental –como suxeito activo– hábil para iso. O que fai agora a norma é permitirlles aos xuíces ou maxistrados actuaren nos preitos sobre a «impugnación dos actos que se produzan» en aplicación dun convenio colectivo estatutario «a través dos conflitos colectivos ou individuais... que poidan promover..., fundada en que as disposicións contidas neles non son conformes a dereito», así como pór en coñecemento do Ministerio Fiscal a posible ilegalidade dalgún dos seus preceptos para que este expoña «a súa ilegalidade a través da modalidade procesual de impugnación de convenios colectivos».

## V. A nova lexitimación para impugnar convenios

7. Consecuente coa extensión da lexitimación activa, o art. 165 da LXS –que é o que se ocupa da lexitimación *ad causam*– amplía a nómina de suxeitos lexitimados activamente para impugnar un convenio colectivo polos trámites do proceso de conflito colectivo<sup>11</sup>. Así, alén do xa comentado caso do Ministerio Fiscal, agora a norma outorga lexitimación activa para a impugnación de convenios a través da modalidade procesual de conflitos colectivos «á Administración xeral do Estado e á Administración das comunidades autónomas no seu respectivo ámbito»<sup>12</sup> e ao «Instituto da Muller e os organismos correspondentes das comunidades autónomas», estes últimos unicamente «para os efectos de impugnar as cláusulas que poidan conter discriminacións directas ou indirectas por razón de sexo».

No tocante a todo isto coido que convén facer dúas puntualizacións. A primeira delas é que talvez non estivese de máis substituír a expresión «no seu respectivo ámbito» por outra máis precisa, se o que se quería era facer referencia á necesidade de que o

<sup>10</sup> STC 12/1996, do 29 de xaneiro.

<sup>11</sup> Trátase dun precepto que segue a estar onde non debe.

<sup>12</sup> Recollendo así de novo a doutrina do Tribunal Supremo sobre o particular, por exemplo, na STS do 10 de xuño de 2003, recurso 119/2002.

ámbito territorial do convenio impugnado se corresponda co da entidade pública lexitimada para atacalo ou sexa inferior. A segunda desas matizacións ten a ver co feito de que antes o art. 163.1 da LPL outorgaba a lexitimación activa para impugnar un convenio colectivo «calquera que for a súa eficacia». E dicimos «outorgaba» porque esa referencia expresa desapareceu na LXS.

8. Neste concreto aspecto da norma coincidimos coa doutrina científica alí onde afirma que o lexislador fixo conscientemente esa modificación<sup>13</sup>. Con base no disposto na LPL existía unha consolidada xurisprudencia do Tribunal Supremo sobre a materia que nos ocupa en que se afirmaba «que cando se solicita a nulidade de determinados preceptos dun convenio colectivo, por se oporen aos mandatos dunha norma imperativa, a única vía procesual adecuada é a modalidade de impugnación de convenio... e a natureza extraestatutaria do pacto ou acordo impugnado non incide sobre a canle procesual pola cal debe discorrer a súa impugnación... [xa que] a modalidade procesual de impugnación dun convenio colectivo dos regulados no título III do Estatuto dos traballadores, a que fai referencia o capítulo IX –artigos 161 a 164– da LPL, esténdese tamén aos convenios colectivos extraestatutarios, pactos colectivos e acordos de empresa»<sup>14</sup>.

Agora, en cambio, após a mencionada supresión, non existe ningunha canle procedemental para impugnar directamente un convenio que non for estatutario. Se un convenio colectivo extraestatutario, un pacto de empresa ou calquera outra clase de acordo colectivo se opón á legalidade vixente ou lesiona gravemente o interese de terceiros, as únicas vías procedementais para atacalo serán precisamente aquelas que menciona o art. 163.4 da LXS, isto é, a impugnación dos actos que se produzan na súa aplicación, a través dos conflitos colectivos ou individuais que poidan promover os lexitimados para iso. Así o confirma, polo demais, a exposición de motivos da LXS, que afirma sen rubor: «nos capítulos VIII e IX regúlanse os procesos en materia de conflitos colectivos e a impugnación de convenios colectivos de eficacia xeral e dos laudos substitutivos destes; remítese, para o caso das demandas contra calquera outro tipo de pactos ou acordos, exclusivamente ao proceso de conflitos colectivos».

Sucedo, no entanto, que o art. 165.1 da LXS fala unicamente da impugnación dun «convenio colectivo», mentres que o art. 163.1, ao delimitar o ámbito do proceso, se

<sup>13</sup> ALARCÓN CARACUEL, M. R. (2010) *op. cit.*, p. 636.

<sup>14</sup> STS do 10 de novembro de 2010, recurso 68/2010.

refire de forma expresa ao «convenio colectivo dos regulados no título III do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores». É dicir, que a norma diferencia con clareza entre os convenios estatutarios e os demais. E se a norma o fai de xeito consciente, non será que quere manter a doutrina xudicial anterior e limitar a posibilidade de impugnación aos convenios colectivos, foren estatutarios ou extraestatutarios, con exclusión unicamente dos pactos e acordos de empresa, ou calquera decisión empresarial de carácter colectivo?

## **VI. A excepción de *cousa xulgada* nos procesos de impugnación convencional**

9. A última novidade salientable contena o art. 166.2 da LXS e refírese á sentenza que poida recaer nesta clase de procesos. Na LPL o precepto limitábase a indicar: «a sentenza, que se ditará dentro dos tres días seguintes, comunicárase á autoridade laboral, e será executiva desde o momento en que se dite, malia o recurso que puidese interperse contra ela». Agora engádesse ademais que «unha vez firme producirá efectos de *cousa xulgada* sobre os procesos individuais pendentes de resolución ou que se poidan suscitar en todos os ámbitos da xurisdición sobre os preceptos validados, anulados ou interpretados obxecto do proceso».

Como se ve, a norma reproduce case literalmente a fórmula ritual –deficiente, dun punto de vista técnico– do art. 160.5 da LXS, o que merece á súa vez varias reflexións. A primeira delas é que se aquí se pretendía outorgarlle á sentenza os mesmos efectos que no proceso de conflitos colectivos, tería sido conveniente reproducir todo o art. 160.5 da LXS e non quedar a medias; e con maior razón se, como xa notamos, o precepto é tecnicamente deficiente.

A segunda desas reflexións ten que ver co feito de que a norma admite que os preceptos poidan ser «validados, anulados ou interpretados», co que está a determinar o contido da sentenza, que alén de anular ou validar os preceptos do convenio impugnado pode proceder igualmente a interpretalos, e ocupar así un espazo que semella máis propio do proceso de conflitos colectivos.

En fin, a última desas reflexións non pode ser outra que aquela que pasa por entender que a sentenza recaída neste procedemento produce os mesmos efectos suspensivos que o lexislador outorga agora ás sentenzas de conflito colectivo, xa que como sabemos eses efectos de *cousa xulgada* se corresponden mellor cos da «prexudicialidade normativa».